

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL



CEIP Plurilingüe de Chancelas

Curso 2024/2025

INDICE DE CONTIDOS

1. OBXECTIVOS	Páx. 3
2. MEDIDAS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Páx. 4
2.1. Xornada escolar. Horarios e calendario de reunións	Páx. 4
2.2. Actividades complementarias e extraescolares	Páx. 5
2.3. Organización do centro	Páx. 7
2.4. Adscrición do profesorado	Páx. 9
2.5. Agrupamento do alumnado	Páx. 11
3. PLANS E PROXECTOS	Páx. 12
3.1. Plan de acción titorial	Páx. 12
3.2. Plan anual de formación do profesorado	Páx. 12
3.3. Plan anual de atención á diversidade	Páx. 12
3.4. Plan de actuación de PT e AL	Páx. 14
3.5. Plan para a potenciación e organización das relacións coa comunidade e a familia.	Páx. 14
3.6. Plan anual de lectura	Páx. 16
3.7. Proxecto Lingüístico	Páx. 22
3.8. Proxecto Fomento do Galego	Páx. 28
3.9. Plan de utilización das novas tecnoloxías (TIC)	Páx. 29
3.10. Plan de orientación	Páx. 32
3.11. Plan de convivencia	Páx. 32
3.12. Protocolo de funcionamento do comedor escolar	Páx. 35
3.13. Protocolo de funcionamento do plan madruga	Páx. 33
3.14. Plan para a realización do transporte escolar	Páx. 37
3.15. Outros plans e proxectos do colexio	Páx. 37
ANEXOS:	
<input type="checkbox"/> Obradoiros temáticos	
<input type="checkbox"/> Horta escolar	
<input type="checkbox"/> Hora de ler. Orientacións	
<input type="checkbox"/> Plan Iniciándonos nas TIC	
<input type="checkbox"/> Proxecto e Memoria de Fomento do Galego	
<input type="checkbox"/> Plan de Orientación do centro	
<input type="checkbox"/> Plan anual de Atención á Diversidade	
<input type="checkbox"/> Plan de Acción Titorial (PAT)	
<input type="checkbox"/> Programa de prevención e control do absentismo escolar e de falta de puntualidade.	
<input type="checkbox"/> Plan de Autoprotección (Resumo)	

I. OBXECTIVOS

- Potenciar a formación integral e harmónica da personalidade dos alumnos e alumnas para favorecer a súa integración activa na sociedade.
- Consegur que o centro sexa un sistema aberto, a través dun espírito de colaboración, participación, entendemento e tolerancia entre todos os compoñentes da comunidade educativa.
- Tratar de mellorar os hábitos de comportamento, tanto individual como colectivo, apreciando os valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana e obrar dacordo con eles.
- Favorecer unha educación non sexista, unha educación vial, coidadosa co medio ambiente, unha educación para a saúde e dos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.
- En fin, e resumindo, queremos favorecer que os nenos e nenas se integren na sociedade de forma crítica e creativa, que desenvolvan as competencias clave e potenciar a súa autonomía persoal.

Cremos necesario poñer especial atención na diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades. Por iso, establecemos como obxectivos:

- ✓ Prestar atención e poñer os medios necesarios para aumentar o nivel lector e a comprensión lectora e a expresión escrita.
- ✓ Incidir na busca de novas estratexias para mellorar a competencia matemática do alumnado.
- ✓ Mellorar a competencia comunicativa do alumnado mediante o desenvolvemento dun Plan de Plurilingüismo, impartindo en lingua estranxeira (inglés) a materias de Ed. Física e Plástica en todos os niveis de Primaria.
- ✓ Potenciar a incorporación de Novas Tecnoloxías en todos os niveis combinados coas diferentes materias.
- ✓ Introducir na área de Ciencias da natureza o proxecto da horta escolar, realizando diferentes obradoiros que leven á práctica contidos do currículo.
- ✓ Levar a cabo un proxecto que implique a toda a comunidade educativa, empregando unha metodoloxía multidisciplinar, con actividades de aprendizaxe integradas, que xire en torno a un tema común.
- ✓ Fomentar e levar a cabo novas estratexias de atención a diversidade. Este curso continuamos coa iniciativa de traballar mediante obradoiros, dividindo aos grupos para conseguir menos ratio de alumnado e mesturando as idades. Isto supón unha reorganización de horarios, espazos, agrupamentos de alumnado... A totalidade de profesorado do centro está implicado para traballar deste xeito diferente cos rapaces e as rapazas, facendo especial fincapé no desenvolvemento das competencias clave. O traballo por obradoiros desenvólvese dous días á semana.
- ✓ Continuar dinamizando o Colexio, abríndonos á participación e á colaboración coas familias, coas asociacións culturais do entorno, co Concello, con outros Colexios e con todas as persoas ou entidades que poidan aportar algo á vida educativa do Centro, aínda que se levará a cabo doutro xeito, na medida do posible a través de reunións telemáticas ou de forma presencial sempre que sexa posible gardando distancia social e respectando os grupos estables de convivencia.

En canto á **avaliación**, esta será continua e global. Ao longo do proceso de avaliación consideraranse:

- o Unha avaliación inicial que abarcará un estudio completo do alumno/a.
- o Unha avaliación continua que nos dirá en que momento da aprendizaxe se atopan os/as alumnos/as e que permitirá a corrección oportuna de métodos e actividades ou a redefinición de obxectivos, adaptándoos á madurez e ritmo de aprendizaxe dos/as alumnos/as.

Alguns dos datos recollidos polos mestres/as para realizar esta avaliación continua serán:

- o O resultado da observación controlada de hábitos de traballo e actividades.
- o Traballos e actividades feitas polos alumnos/as na aula.
- o Traballos feitos en equipo, contribucións creativas,...
- o Comprobación e controis de coñecementos, comprensión, aplicacións, tanto orais como escritos.
- o Unha avaliación final que nos indicará a consecución ou non dos obxectivos mínimos e nos permitirá actuar en consecuencia, tanto no referente á promoción como a recuperación do alumnado.
- o A información aos pais/nais sobre a avaliación continua de cada alumno/a farase antes do Nadal, de Semana Santa e ao finalizar o curso, unha vez celebradas as correspondentes sesións de avaliación.

2. MEDIDAS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

2.1. XORNADA ESCOLAR, HORARIOS E CALENDARIO DE REUNIÓN

A organización das sesións do horario lectivo queda do seguinte xeito:

1ª Sesión	09:15 - 10:05
2ª Sesión	10:05 - 10:55
3ª Sesión	10:55 - 11:45
Recreo	11:45 - 12:15
Hora de ler	12:15 - 12:35
4ª Sesión	12:35 - 13:25
5ª Sesión	13:25 - 14:15

A organización das sesións do horario lectivo de infantil aproximarase a esta estrutura e realizarase de xeito máis flexible respectando sempre as necesidades e ritmos do alumnado.

Establecéndose sesións de igual duración (50 minutos) ó longo de toda a xornada. Despois do recreo reservamos un espazo de 20' para o que denominamos a hora de ler, que consiste en diferentes iniciativas a prol da lectura. As sesións establecémoslas igual para os diferentes niveis (Infantil e Primaria) debido á dificultade de organización de horarios dos especialistas que traballan en ámbalas dúas etapas. Pero sempre tendo en conta a flexibilidade na etapa de Educación Infantil.

Teremos un único recreo de 30 minutos en Educación Primaria e Educación Infantil, pero en espazos diferenciados. O alumnado de Infantil disfrutará a maiores 30 minutos de tempo de lecer sempre que a posibilidade horaria así o permita.

O profesorado completará o seu horario de dedicación, entrando ás 9:00 h. e saíndo ás 14:30 h., o que suma 30 minutos cada día, e, en sesións de tarde, os martes de 16:15 a 18:45 horas para xuntanzas de coordinación de equipos, normalización lingüística, equipo de actividades extraescolares e complementarias, dinamización da biblioteca, Comisións de Coordinación Pedagóxica, atención ás familias...

O Consello Escolar reunirse puntualmente nos casos previstos para a organización e desenvolvemento do curso e sempre que a situación o faga necesario.

Tanto o Claustro como o Consello Escolar terán reunións sempre fixas ao principio e ao final de curso.

O horario de atención ao público do equipo directivo será todos os días de 9:15 a 10:00 h. Sempre que as necesidades do centro o permitan.

Este ano escolléronse como xornadas non lectivas, por conveniencia pedagóxica, coordinándonos cos demais colexios do Concello, o día **2 de maio de 2025**.

MÚSICA PARA ENTRAR AO COLEXIO

Coa intención de reducir a contaminación acústica do colexio e entrar cunha actitude máis positiva ás aulas, dende xaneiro de 2016, cambiouse o son estridente do timbre, que anunciaba as entradas e saídas ao centro, así como o principio e fin do recreo, por unhas melodías que varían cada semana. Para que non se convertan nun ruído máis, trabállase tamén dende a clase de música, intentando conseguir unha audición máis activa e consciente dos temas seleccionados.

Cada luns, na porta da entrada, hai un panel informativo onde aparecen os catro temas e autores que sonarán durante esa semana cunha breve reseña. As veces, son os propios alumnos os que teñen que investigar ou completar dita información.

Os estilos de música son moi variados, música de bandas sonoras de películas, clásica, pop, música relacionada co cine, a literatura, musicais... entre outras moitas opcións. Do mesmo xeito intentamos relacionar esas músicas coa época do ano, estación, anécdotas ou noticias da actualidade. Todos os membros da comunidade educativa están invitados a propoñer melodías.

Ademais de entrar con alegría ás aulas, o que se pretende é achegar ao alumnado audicións e tipos de música que non teñen tanto ao seu alcance como a música actual ou máis comercial á que están acostumbrados.

2.2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Este ano decidiuse elixir como temática que fose o eixo principal das actividades que realicemos ao longo do curso escolar: **“CHANCELAS, ELEMENTAL”**, Proxecto Documental Integrado relacionado con Os catro elementos: auga, terra, aire e lume”, no que participará todo o centro e procurarase que as nosas actividades xiren arredor deste tema.

Como se ven facendo en anos anteriores conmemoraremos as seguintes datas:

- ✓ Celebración do día das bibliotecas: 24 de outubro.
- ✓ Celebración do Samaín.
- ✓ Celebración do Magosto, na segunda semana de novembro.

- ✓ Día Universal de la Infancia: 20 de novembro.
- ✓ Día Internacional contra a violencia de xénero: 25 de novembro.
- ✓ Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia: do 30 de novembro ao 7 de decembro.
- ✓ Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos: 10 de decembro.
- ✓ Celebración do Nadal: mes de decembro.
- ✓ Día da Paz: 30 de xaneiro.
- ✓ Celebración do entroido: mes de febreiro.
- ✓ Día de Rosalía de Castro: 23 de febreiro
- ✓ Día Internacional da Muller: 8 de marzo.
- ✓ Semana da prensa: do 6 ao 10 de marzo.
- ✓ Día Mundial dos Dereitos do Consumidor: 15 de marzo.
- ✓ Día da árbore: 21 en marzo.
- ✓ Día do Libro: entre o 17 e o 21 de abril.
- ✓ Día Mundial da Saúde: 7 de abril.
- ✓ Festa dos Maios: principios de maio.
- ✓ Día de Europa: 9 de maio.
- ✓ Semana das Letras Galegas: 15 ao 19 de maio.
- ✓ Día Mundial do Medio Ambiente: 5 de xuño.
- ✓ Día Mundial dos Océanos: 8 de xuño.
- ✓ Festa de Fin de Curso: finais de xuño.

Dende o centro educativo o claustro promoverá a participación activa de alumnos/as e mestres/as en actos e actividades desenvolvidas polo centro, tales como:

- ✓ **Samaín:** Traballarán a tradición cultural, lerán contos e poesías relacionados co tema deste curso.
- ✓ **Magosto:** Asaranse castañas e organizaranse xogos tradicionais por aulas e en distintas zonas e horarios.
- ✓ **Nadal:** realizarase un festival no que se interpretarán diferentes panxoliñas e cantigas tradicionais destas datas e realizaremos diversas actuacións.
- ✓ **Letras Galegas:** buscando unha maior implicación do alumnado na creación dos seus propios recursos, traballarase o mes completo a Lingua Galega en todos os ámbitos de expresión faranse montaxes teatrais/musicais/danzas en galego en coordinación con Asociacións da zona e asistirase a actividades de animación á lectura en coordinación coa Concellería de Cultura.
- ✓ **Escribir como lectores:** Arredor dunha obra literaria levaranse a cabo distintas producións escritas polo alumnado coa posibilidade de ter un encontro no centro educativo co autor/a.
- ✓ **Exposición PDI:** Presentación e exposición de traballos de diversa índole elaborados polos alumnos/as coa temática do PDI do ano.

✓ SAÍDAS

Consideramos aquí como saídas todas aquelas visitas de carácter formativo que poidan facerse ao longo do curso por parte dos distintos niveis ou ciclos. Algunhas das xa previstas son:

- As actividades para escolares organizadas en Pontevedra pola Afundación. Obra Social Abanca.
- Actividades organizadas no Auditorio do Pazo da Cultura de Pontevedra, no teatro Principal.
- Actividades organizadas ou xestionadas polo Concello.
- Visitas á biblioteca de Pontevedra.
- Visitas ao museo provincial.
- Saídas á praia.
- Excursións para desenvolver o noso Proxecto Documental Integrado.
- Outras que vaian xurdindo ao longo do curso.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

A ANPA ten organizadas e planificadas as seguintes actividades extraescolares:

OS LUNS: *Pequechef* (para alumnado de educación infantil) e *Baile* (para alumnado de educación infantil e primaria).

OS MARTES: *Pequechef* (para alumnado de primaria)

OS MÉRCORES: *Pintura* (para o alumnado de primaria)

OS VENRES: *Xadrez* (para o alumnado de educación Primaria).

Todas as actividades extraescolares serán de 16:15h a 17:15h excepto Pequechef que será de 16:15h a 17:45h

2.3. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

ÓRGANOS DE GOBERNO E ORGANIZACIÓN DOCENTE

Como colexio de educación infantil e primaria temos os seguintes órganos de goberno:

- Unipersoais:
 - **Directora:** M^a Olga Teijeiro Díaz
 - **Xefa de estudos:** Alicia Álvarez Fernández
 - **Secretaria:** Lorena M^a Rey Quiroga
- Colexiados:
 - **Claustro de profesores,** distribuído da seguinte maneira:

EDUCACIÓN INFANTIL	
Curso	Titor/a
4º Ed. Infantil	M ^a Pilar Martinez Soto
5º Ed. Infantil	Carolina Gómez Monteagudo
6º Ed. Infantil	Belén López Garza

EDUCACIÓN PRIMARIA	
Curso	Titor/a
1º	M ^a Olga Teijeiro Díaz

2º	Paula Riopedre Valledor
3º	Mª Josefa Diéguez Barreiro
4º	Carmen Valenzuela Banet *
5º	Javier Prado Espiñeira
6º	Juan José Feijoo Benítez

MESTRES ESPECIALISTAS	
EF	Marcos Romero Filgueira
Inglés	Mª Carmen Noya Rey (E.P.) Marcos Romero Filgueira (E.I.)
Apoio Infantil	Lorena Mª Rey Quiroga
Música	Alicia Álvarez Fernández
Pedagogía Terapéutica	
Audición e Linguaxe	Elena López Fernández Sandra Sanchez Tojo
Orientación	Ana María Cibeira Sotelo
Relixión	Silvia Torres Torres

*A substitúe durante o 1º trimestre Raquel Castro Loureiro

- **Consello escolar:**

Presidenta: Mª Olga Teijeiro Díaz

Xefa de estudos: Alicia Álvarez Fernández

Secretaria: Lorena Mª Rey Quiroga

Mestres/as:

Belén López Garza

Carolina Gómez Monteagudo

Mª del Pilar Martínez Soto

Silvia Torres Torres

Mª Carmen Noya Rey

Representantes de nais/pais:

María Andrea Chapela Martínez

Estefanía Andrea González Gómez

Mónica Lodeiro Nores

Catuxa Lagarón Mallo

Representante da ANPA: Laura Currás Portela

Representante do Concello: Natalia Sabarís Castro.

Representante de persoal non docente: María del Carmen Padín Gómez

Os órganos de goberno velarán pola efectiva realización dos fins da educación, pola mellora da calidade do ensino e a configuración dun auténtico ensino galego, ademais, no ámbito da súa competencia, garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos ao alumnado, profesorado, pais e nais de alumnos/as e persoal de administración e servizos. Así mesmo, favorecerán a participación efectiva de todos os membros da comunidade educativa na vida do centro, na súa xestión e avaliación.

A coordinación do profesorado é fundamental para o bo funcionamento do centro en canto a conseguir uns obxectivos comúns; polo tanto é precisa unha organización pedagóxica en materia de programación, avaliación e recuperación de alumnado. E por iso, o profesorado estará organizado, ademais de no claustro, nos equipos de ciclo, na Comisión de Coordinación Pedagóxica, no Equipo de organización da Biblioteca, no Equipo de Dinamización de Lingua Galega, no Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, no Equipo de Dinamización das TICs e no Equipo de Horta Escolar.

2.4. ADSCRICIÓN DO PROFESORADO

EDUCACIÓN INFANTIL	
Coordinadora	M ^a Pilar Martínez Soto
4º Ed Infantil	M ^a Pilar Martínez Soto
5º Ed Infantil	Carolina Gómez Monteagudo
6º Ed Infantil	Belén López Garza
Apoio Infantil	Lorena M ^a Rey Quiroga
Audición e Linguaxe	Elena López Fernández
Relixión	Silvia Torres Torres

EDUCACIÓN PRIMARIA	
1º e 2º	
Coordinadora	Paula Riopedre Valledor
1º Ed. Primaria	Mº Olga Teijeiro Díaz
2º Ed. Primaria	Paula Riopedre Valledor
Audición e Linguaxe	Sandra Sánchez Tojo
3º e 4º	
Coordinadora	M ^a Josefa Diéguez Barreiro
3º Ed. Primaria	M ^a Josefa Diéguez Barreiro
4º Ed. Primaria	Carmen Valenzuela Banet
Educación Física	Marcos Romero Filgueira
Lingua estranxeira. Inglés	M ^a Carmen Noya Rey
5º E 6º	
Coordinador	Juan José Feijoo Benítez
5º Ed. Primaria	Javier Prado Espiñeira
6º Ed. Primaria	Juan José Feijoo Benítez
Música	Alicia Álvarez Fernández
Orientación	Ana María Cibeira Sotelo

EQUIPO DE ORIENTACIÓN	
Coordinador/a	Ana María Cibeira Sotelo
Pedagoxía terapéutica	
Audición e linguaxe	Elena López Fernández/ Sandra Sánchez Tojo
Orientación	Ana María Cibeira Sotelo

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Presidenta	Mª Olga Teijeiro Díaz
Xefatura	Alicia Álvarez Fernández
Secretaria	Lorena María Rey Quiroga
Orientación	Ana María Cibeira Sotelo
P.T.	
A.L.	Elena López Fernández
Coord. Infantil	Mª Pilar Martínez Soto
Representante 1º e 2º Ed. Primaria	Paula Riopedre Valledor
Representante 3º e 4º Ed. Primaria	Mª Josefa Diéguez Barreiro
Representante 5º e 6º Ed. Primaria	Juan José Feijoo Benítez
Coord. Biblioteca	Lorena María Rey Quiroga
Coord. E.D.L.	Mª Pilar Martínez Soto

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Coordinadora	Mª Pilar Martínez Soto
6º Ed. Infantil	Belén López Garza
4º Ed. Infantil	Mª Pilar Martínez Soto
Relixión	Silvia Torres Torres
Seccións bilingües	Carmen Noya Rey

EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Coordinadora	Carmen Valenzuela Banet
Música	Alicia Álvarez Fernández
1º Ed. Primaria/Coordinadora 1º, 2º	Paula Riopedre Valledor
4º Ed. Primaria/Coordinadora EACE	Carmen Valenzuela Banet
AL	Sandra Sánchez Tojo

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN BIBLIOTECA

Coordinadora	Lorena Mª Rey Quiroga
4º Ed. Infantil / Coordinadora EDL	Pilar Martínez Soto
Apoio Infantil	Lorena Mª Rey Quiroga
1º Ed. Primaria	Mª Olga Teijeiro Díaz
4º Ed. Primaria/Coordinadora EACE	Carmen Valenzuela Banet
5º Ed. Primaria / Coordinador TICs	Javier Prado Espiñeira
Orientación	Ana Mª Cibeira Sotelo
Audición e Linguaxe	Elena López Fernández
Relixión	Silvia Torres Torres

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA HORTA ESCOLAR / PROXECTO PATIO

Coordinadoras	Silvia Torres Torres/Mª del Carmen Noya Rey
Língua estranxeira: inglés	Mª del Carmen Noya Rey

Relixión	Silvia Torres Torres
5º Ed. Infantil	Carolina Gómez Monteagudo
3º Ed. Primaria	María Josefa Diéguez Barreiro

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TICS	
Coordinador	Javier Prado Espiñeira
5º Ed. Infantil	Belén López Garza
Educación Física	Marcos Romero Filgueira
5º Ed. Primaria	Juan José Feijoo Benítez
1º Ed. Primaria	Mª Olga Teijeiro Díaz

EQUIPO DE SECCIÓN PLURILINGÜES	
Coordinadora	Mª del Carmen Noya Rey
Physical Education 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º	Marcos Romero Filgueira
Arts and Crafts 1º, 2º, 3º	Paula Riopedre Valledor
Arts and Crafts 4º, 5º, 6º	Mª del Carmen Noya Rey
Auxiliar de Linguas Estranxeiras	Aileas Christina Macleod Pringle

2.5. AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

AGRUPAMENTO DO ALUMNADO		Nº Alumnos/as
Educación Infantil	4º	9
	5º	18
	6º	21
Educación Primaria	1º	20
	2º	22
	3º	19
	4º	24
	5º	21
	6º	20
TOTAL		174

3. ACTUACIÓN. PLANS E PROXECTOS

3.1. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

A orientación e a tutoría dos alumnos/as é un aspecto fundamental da relación educativa, polo que cada mestre/a, ademais das súas tarefas docentes específicas, desenrolará a acción titorial sobre un grupo de alumnos/as.

En cada un dos sete cursos de Primaria exercerá a acción titorial cada mestre/a co grupo de alumnos/as adscrito á súa unidade, sen prexuízo do establecemento de agrupamentos flexibles.

No desenvolvemento da acción tutorial os mestres/as realizarán polo menos as seguintes funcións:

- Coñecer as características persoais de cada alumno/a.
- Orientar aos alumnos/as en cada momento do seu proceso formativo.
- Informar ao equipo de mestres/as do grupo de alumnos/as das características destes, sobre todo dos que presenten necesidades específicas.
- Informar aos pais/nais sobre a evolución persoal, integración no centro e rendemento académico do/a seu fillo/a. Tamén asesorará aos pais e nais de cara a consecución dunha actuación coordinada centro-familia no proceso educativo.
- Cubrir os documentos oficiais de avaliación relativos ao seu grupo de alumnos/as.

Para facilitar a relación do mestre/a – titor/a coa familia, fixarase unha hora fóra do horario lectivo para atención ás familias. Así mesmo, ao comezo do curso realizaranse reunións coas familias tanto en educación infantil coma en primaria.

3.2. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

A formación do profesorado do centro comprende dúas vías: as iniciativas formativas de carácter individual e as propostas de formación continua que emanan do propio centro educativo. Entre unhas e as outras procuraremos artellar un plan de formación complementario e que redunde na mellora da calidade da educación que reciben os alumnos e alumnas do noso centro.

Durante o presente curso escolar continuamos co desenvolvemento dun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), no que participa case a totalidade do claustro de profesores e que está centrado no estudo e experimentación de propostas didácticas para mellor atender á diversidade e facer da nosa escola unha escola inclusiva. Traballamos dúas liñas:

- Metodoloxías didácticas, esta liña ten como obxectivo a mellora da competencia lingüística e matemática,
- Metodoloxías creativas, ten como obxectivo a integración das novas tecnoloxías nas aulas mellorando a competencia dixital.

3.3. PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (Ampliado en doc. Anexo)

Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

No Decreto 229/2011 defínese a atención a diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todos e cada un dos alumnos.

Entre as medidas que atopamos para atender a diversidade atópanse medidas ordinarias e extraordinarias.

As **medidas ordinarias** son aquelas que non alteran os obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Exemplos de este tipo medidas que levan a cabo dende o noso centro son:

- Adecuación das estruturas organizativas do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- Adecuación das programacións didácticas ao contorno do noso centro e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas na aprendizaxe significativa e manipulativa, como as matemáticas OAOA na educación infantil e primaria.
- A creación dun markerspace ou espazo creativo dentro da biblioteca con material manipulativo, visual e auditivo que axuda a potenciar as 4C da educación: curiosidade, creatividade, competencias e cooperación. Ademais na biblioteca realízanse diversas actividades entre elas os martes con artes na que o alumnado pode expresar distintas capacidades e motivacións persoais.
- Emprego de distintas estratexias didácticas basadas nunha aprendizaxe cooperativa, a titoría entre iguais e o traballo por proxectos. Algúns dos desenvolvidos no centro son: escribir como Lectores, o proxecto do Plurilingüismo e o proxecto de patios inclusivos. O proxecto documental integrado (PDI) neste curso estará vinculado aos 4 elementos: aire, terra, lume e auga. Estas metodoloxías fomentan a motivación, participación e inclusión de todo o alumnado do centro educativo.
- Os valores de cooperación e responsabilidade con programas como voluntarios de biblioteca escolar, de xogos de patio e da horta escolar.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Desdoblamento de grupos no grupo de referencia.
- A realización de distintos talleres, mesturando nenos de diferentes idades, como de filosofía para nenos, radio escolar, prensa, T.V., educación emocional, educación en publicidade, de lóxica matemática, de alimentación saudable, de narrar historias na lingua inglesa, de reciclaxe de papel...
- Reforzo educativo do profesorado titor e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular

As **medidas extraordinarias** están dirixidas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario, unha vez esgotadas as medidas de carácter ordinario ou por considerarse estas insuficientes. Entre as medidas extraordinarias de atención á diversidade destacar as seguintes:

- Adaptacións curriculares.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización do período de escolarización nas etapas de infantil e primaria.

3.4. PLAN DE ACTUACIÓN PT E AL (Ampliado en doc. Anexo)

Dende a nosa escola pretendemos dar unha resposta educativa ás diferentes características e necesidades do alumnado, os distintos estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses, situacións sociais e culturais de cada un deles favorecendo a súa inclusión e integración.

Despois da avaliación inicial levada a cabo polo equipo docente a principios de curso e tomando como referencia os informes finais individuais de PT e AL, así como a previsión de necesidades realizada para este curso –confeccionanse os horarios dos apoios e o número de sesións. Ademais elaboraránse, por parte das mestras de PT e AL os programas de intervención individual para o alumnado correspondente.. Reunirémonos polo menos unha vez ó trimestre nas sesións de avaliación as mestras especialistas de PT e/ou AL, os titores/as e a orientadora para valorar a evolución do grado de

consecución dos obxectivos propostos e a funcionalidade dos apoios. Elaboraranse informes trimestrais do alumnado atendido.

Os horarios para o alumnado con necesidades educativas de apoio específico (NEAE) non son estáticos senón que se irán concretando, modificando, reestruturando e avaliando ao longo do curso escolar en función das novas demandas de actuación que vaian xurdindo, as novas necesidades detectadas nas reunións cos diferentes membros do claustro, nas sesións de avaliación, a incorporación do novo alumnado...

Ó rematar o curso académico elaborárase un informe individual final onde se reflexará a consecución ou non dos obxetivos propostos, recomendacións cara o curso seguinte, previsión de apoios, propostas, entre outras.

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA e AUDICIÓN E LINGUAXE

Partimos da realidade de que o alumnado non é homoxéneo e ten intereses diversos, estilos de aprendizaxe distintos, capacidades diferentes e niveis de coñecemento heteroxéneos.

En consecuencia, dende o colexio e máis concretamente dende a aula hai que dar resposta a esa diversidade, optando por unha formulación metodolóxica e organizativa que poida responder a todas as necesidades educativas do alumnado.

O apoio educativo comprende tres niveis: **a prevención, a detección e a intervención.**

Prevención:

Na etapa de educación infantil a mestra de AL levará a cabo un **Programa de Estimulación da Linguaxe Oral e Prevención de Dificultades**, en sesións semanais de 50 minutos de duración, cuxa finalidade é:

- Estimular a intencionalidade comunicativa.
- Potenciar os prerrequisitos da linguaxe.
- Favorecer unha maduración e desenvolvemento axeitado, o máis aproximado posible, ós parámetros naturais da evolución da linguaxe.
- Empregar a linguaxe oral en situacións de interacción tanto naturais como provocadas mediante actividades lúdicas, de dramatización...
- Desenvolver o control dos elementos necesarios para a comunicación oral.
- Previr e corrixir na medida do posible, as dificultades que poidan xurdir neste ámbito.
- Detectar de forma temperá as dificultades na linguaxe.
- Compensar lingüísticamente aos alumnos de ambientes socioculturais deprivados.

Os Obradoiros de Estimulación da Linguaxe Oral e Prevención de Dificultades poñen en marcha actividades de sopro, respiración, movementos bucofaciais baseados na terapia miofuncional, discriminación auditiva, atención auditiva e visual, motricidade corporal... apoiándose nos centros de interese que cada titor ou titora traballa acorde coa súa Programación anual dende a aula ordinaria para dar continuidade a un traballo globalizado.

Detección:

O departamento de orientación en colaboración co profesorado, as familias, os servizos sanitarios e sociais detectará de maneira temperá a presenza de sinais de alarma no desenvolvemento. A resposta educativa do profesorado de PT e AL iniciárase no momento en que as necesidades sexan detectadas dende os primeiros cursos de educación infantil. Sendo fundamental as reunións multidisciplinares para intercambiar información necesaria sobre o desenvolvemento psicomotor, da comunicación e a linguaxe, o desenvolvemento cognitivo (atención, memoria, razoamento,..) e o desenvolvemento das habilidades sociais e emocionais.

Intervención:

Unha vez detectado o alumnado con necesidades educativas de apoio específico (NEAE) procederáse a realización do programa de Intervención:

Os apoios maioritariamente realizaranse de 2 maneiras:

1. Apoio directo ao alumnado.

A totalidade dos apoios realizados no centro serán **dentro da aula**, esta maneira de apoio permite que aos alumnos/as con certas dificultades poidan permanecer na aula ordinaria, seguindo obviamente ó seu ritmo e coa axuda dunha profesora máis na aula favorecendo o seu aprendizaxe. Os apoios poderán realizarse a través do apoio directo na aula ou a realización de agrupamentos flexibles e/ou desdobres.

Na etapa de educación infantil a través do xogo, a experimentación e de experiencias significativas favoreceráse o desenvolvemento integral dos nenos/as. Na etapa de educación primaria reforzaranse as áreas instrumentais básicas: **matemáticas e lingua**. Na **área de matemáticas** empregamos unha metodoloxía moi manipulativa e vivencial, coa utilización de regletas, material multibase, xeoplanos, tangran,.... **Na área lingüística** reforzase o proceso lectoescritor, a comprensión e a expresión, tanto oral coma escrita.

Nos casos dos alumnos/as que presenten alteracións no aspecto formal da linguaxe, na fonética e fonoloxía, intervírase en pequeno grupo na procura da mellora dos fonemas alterados, ou, de ser o caso, cunha previa normalización da estrutura e funcións dos órganos bucofonatorios.

2. Apoio indirecto ao profesorado e colaboración con servizos externos.

Orientándoo na elaboración de actividades, estratexias metodolóxicas, resolucións de conflitos dentro da aula, habilidades sociais, educación emocional, realización de adaptacións curriculares, reunións con familias e outros profesionais que interveñan directamente cos alumnos/as.

3.5 PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA.

A relación coas familias neste colexio sempre foi bastante fluída e regular. Xa hai moitos anos impulsouse a creación da ANPA, coa que temos unha relación constante para comentar e solventar as diferentes incidencias e iniciativas que van xurdindo ao longo do curso.

Para a potenciación desas relacións, na maioría das actividades complementarias contamos coa colaboración dos pais/nais. Así ocorre no Samaín, no Magosto, no entroido, e en xeral, en todas as festas tradicionais realizadas no colexio ao longo do curso. Nomeadamente, a celebración dunha

“semana cultural” para a difusión entre a comunidade educativa dos proxectos de investigación levados a cabo polo alumnado, contribúe a achegar un pouco máis ás familias á actividade pedagóxica do centro. O pasado curso comencamos con esta iniciativa que resultou moi interesante e continuará no presente curso.

Por outra parte, cada curso realizamos varias reunións entre pais/nais e mestres/as, sendo as primeiras a principios do curso..

Durante este curso intentarase aumentar a relación á través das novas tecnoloxías, enviando informacións diversas da escola mediante correo electrónico e intentando dar fluidez aos blogs, á páxina web do colexio e outras canles de difusión.

En canto á relación coa comunidade mantemos contactos con varias asociacións culturais da contorna (Solaina, Armadiña...) e coa comunidade de montes, que colaboran con nós en diferentes actividades. Tamén mantemos relacións co concello, e realizamos ao longo do curso distintas actividades de iniciativa municipal.

3.6 PLAN ANUAL DE LECTURA

Obxectivos.

- * Mellorar a competencia lecto-escritora do alumnado do centro.
- * Fomentar a lectura e axudar a crear un hábito lector no alumnado.
- * Mellorar a competencia en manexo da información e dixital
- * Potenciar o uso da biblioteca escolar como recurso educativo.
- * Promover a colaboración e participación das familias e outros membros da comunidade educativa nas actividades derivadas do plan de fomento da lectura.
- * Contribuír á atención á diversidade e á compensación de desigualdades.

Organización de espazos, tempos e recursos

Son moitas as decisións de tipo organizativo que se tomaron para por en marcha este plan de lectura:

- Canto aos **espazos e tempos**, establecemos un horario de uso da biblioteca escolar que inclúe tempos para todos os grupos (unha hora semanal), tempos para o traballo no ESPAZO CREATIVO da biblioteca, tempos de uso para apoio das actividades escolares (previa solicitude), tempos para o empréstimo e devolución (un recreo á semana para cada curso) de libros e tempos de uso libre para toda a comunidade educativa.
- **Recursos.** Contamos coa biblioteca do centro, as bibliotecas de aula e as bibliotecas do entorno (IES de Poio, Biblioteca Municipal de Poio e a Biblioteca de Pontevedra), así como a colaboración e apoio de toda a comunidade educativa.

Recursos humanos

Neste plan está implicado todo o profesorado, en especial, o equipo directivo, os titores e o equipo de biblioteca; as familias, o alumnado voluntario e outras institucións (ANPA, Concello...). Dentro do consello escolar está formada unha comisión de biblioteca con representación de todos os membros da comunidade educativa. Así mesmo, todos os mestres/as serán responsables da lectura do alumnado, incluíndo nas súas programacións o uso da lectura como medio de información, investigación e lecer

do seu alumnado, para asegurar a mellora da competencia lectora, o hábito de lectura e o gusto pola mesma.

Itinerarios lectores

O obxectivo destes itinerarios é que o alumnado, ao rematar cada ciclo teña lido canda menos, determinados textos escollidos. Os criterios de selección poderían contemplar que:

- Se traballen distintos estilos literarios (poesía, biografía, narrativa, teatro...).
- Estean representados determinados autores (recoñecidos).
- A complexidade das lecturas sexa acorde coa idade.
- Enganchen ao noso alumnado á lectura.
- Se manexen edicións especiais.
- Sexan clásicos da literatura e tamén grandes novidades.
- Dominen a lectura en diferentes idiomas.

EDUCACIÓN INFANTIL (3 A 6 ANOS)

TÍTULO	AUTOR/A	EDITORIAL
O Coelliño Branco	Xosé Ballesteros	KALANDRAKA
Chibos Chibóns	Olalla González	KALANDRAKA
A Qué Sabe A Lúa	Michael Gregniec	KALANDRAKA
Mariluz Avestruz	Rachel Chaundler	OQO
A Cebra Camila	Marisa Nuñez	KALANDRAKA
Cocorico	Marisa Nuñez	OQO
Corre Corre Cabaciña	Eva Mejuto	OQO
Nadarín	Leo Lioni	KALANDRAKA
Unha Eiruga Moi Larpeira	Eric Carle	KOKINOS
Un Libro	Hervé Tullet	KOKINOS
Por Cuatro Esquinas De Nada	Jérôme Ruillier	JUVENTUD
Adivina Cuanto Te Quiero	Sam Mcbratney	KOKINOS
Paco	Paula Carballeira	KALANDRAKA
Elmer	David Mckee	BEASCOA
El Pez Arco Iris	Marcus Pfister	BEASCOA
Tres Osos	Marisa Núñez	OQO
Garavanciño	Olalla González	KALANDRAKA
Vamos A Cazar Un Oso	Michael Rosen	EKARÉ
Lúa	Antonio Rubio	KALANDRAKA
Acuario	María Canosa	EMBORA

1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA (6 A 8 ANOS)

TÍTULO	AUTOR/A	EDITORIAL
Quen Me Quere Adoptar	Fina Casalderrey	XERAIS
Rata Linda De Compostela	Bernardino Graña	XERAIS

Tío Lobo	Xose Ballesteros	KALANDRAKA
Orellas De Bolboreta	Luisa Aguilar	KALANDRAKA
Onde Viven Os Monstruos	Maurice Sendak	KALANDRAKA
A Toupiña Que Quería Saber Quen Lle Fixera Aquilo Na Cabeza	Werner Holzwrth	KALANDRAKA
Os Tres Bandidos	Tomi Ungerer	KALANDRAKA
Cando Martiño Tivo Ganas De Mexar Na Noite De Reis	Chema Heras	KALANDRAKA
A Tartaruga Que Quería Durmir	Roberto Aliaga	OQO
Rimas Con Letra	Gloria Sánchez	XERAIS
Inés Del Revés	Anita Jeram	KOKINOS
El Grúfalo	Julia Donalson	MACMILLAN
Rosa Caramelo	Adela Turin	KALANDRAKA
El Pequeño Jardinero	Emily Hugues	IMPEDIMENTA
La Gran Fábrica De Las Palabras	Agnes De Lestrade	TRAMUNTANA
Abezoo	Carlos Reviejo, Javier Aramburu	SM

3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA (9 A 10 ANOS)

TÍTULO	AUTOR/A	EDITORIAL
O Misterio Dos Fillos Da Lúa	Fina Casalderrey	SM
A Nena E O Grilo	Magin Blanco	OQO
Fafarraios	Gloria Sánchez	XERAIS
No Corazón Do Bosque	Agustín Fernández Paz	XERAIS
Historia Dunha Sobreira	Ramón Caride	EVEREST
Cantarolas	Xosé Neira Vilas	XERAIS
A Serea Do Deserto	Javier López Rodríguez	ALFAGUARA
Viaxe De Ida E Volta	Ánxela Loureiro	XERAIS
O Trasno De Alqueidón	Marilar Alexandre	XERAIS
A Laranxa Mais Laranxa De Todas As Laranxas	Carlos Casares	GALAXIA
El Corazón Del Sastre	Txavi Arnal	OQO
Cuentos En Verso Para Niños Perversos	Roald Dahl	ALFAGUARA
La Selva De Los Números	Ricardo Gómez	ALFAGUARA
El Coleccionista De Palabras	Sonja Wimmer	CUENTO DE LUZ
Cuentos Por Teléfono	Gianni Rodari	JUVENTUD

5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA (10 A 12 ANOS)

TÍTULO	AUTOR/A	EDITORIAL
O Misterio Das Badaladas	Xabier P. Docampo	XERAIS
Ás De Mosca Para Anxo	Fina Casalderrey	XERAIS
Contos Por Palabras	Agustín Fernandez Paz	XERAIS

Palabras De Caramelo	Gonzalo Moure	ANAYA
Xela Volveuse Vampira	Fina Casalderrey	BAÍA
Polo Correo Do Vento	Aquilino Iglesia Alvariño	XERAIS
A Serea Do Deserto	Javier López Rodríguez	ALFAGUARA
Os Soños Da Gaila	Manuel María	XERAIS
Bala Perdida	Manuel Rivas	ALFAGUARA
Las Brujas	Roald Dahl	ALFAGUARA
La Historia Interminable	Michael Ende	SM
El Pequeño Nicolás	Sempé/Gosciny	ALFAGUARA
Matilda	Roald Dahl	ALFAGUARA
El Principito	Antoine De Saint-Exupéry	
El Pequeño Vampiro	Angela Sommer-Bodenburg	ALFAGUARA

Actividades sistemáticas e programadas:

Actividades na Hora de ler:

Desde hai varios cursos estableceuse, dentro do horario escolar, unha sesión diaria de 20 minutos, impartida por cada mestre titor e excepcionalmente especialistas para dedicar a actividades de fomento da lectura. Nesta sesión terán cabida diferentes maneiras de proceder:

- * Lectura silenciosa, individual e libre.
- * Lectura colectiva.
- * Lectura en voz alta.
- * Lectura en parellas.
- * Contacontos (a cargo dos mestres, as/os alumnas/os e outras persoas).
- * Diálogos e comentarios sobre lecturas e libros.
- * Apadriñamentos lectores.
- * Titorizacións lectoras.
- * Outras posibilidades (ver doc. anexo)

Actividades na hora da biblioteca

O horario semanal de cada grupo contempla unha sesión adicada á lecto-escrita. Unha sesión especial normalmente desenvolvida na biblioteca escolar. Esta actividade realizarase co/a titor/a nunha hora de lingua galega para levar a cabo actividades como as que seguen:

- * Formación de usuarios.
- * Actividades e xogos encamiñados á procura, uso e tratamento da información.
- * Actividades e exercicios relacionados coa comprensión lectora.
- * Recomendación, valoración, análise das lecturas e dos exercicios escritos.
- * Concursos e actividades de animación á lectura.
- * Presentación de libros, autores, ilustradores...
- * Utilización do espazo creativo.
- * Traballo por proxectos.

* Traballo co PDI.

Sesións de formación de usuarios:

Durante o primeiro trimestre levaranse a cabo varias sesións de formación de usuarios para alumnos, mestres e familias.

Club de Lectura: Grazas á nosa colaboración no Programa Clubs de Lectura levamos a cabo lecturas e outras dinámicas dirixidas pola mestra de música.

Proxecto documental integrado.

Todo o centro participa, ao abeiro dunha temática común, no desenvolvemento dun Proxecto Documental Integrado. Cada ciclo/curso traballa en diferentes proxectos documentais que se presentan publicamente na “Semana cultural”. Este ano, a temática será **“CHANCELAS, ELEMENTAL”**.

Este ano tamén traballaremos ao longo do curso con distintas campañas e como tema transversal a **redución do plástico**, partindo da nosa participación en Voz Natura, e a **alimentación saudable**.

Obradoiro de Radio Escolar:

Grazas á nosa participación no proxecto Radio na Biblio creamos a nosa radio escolar e levamos a cabo obradoiros de radio. Neste obradoiro realízanse diversas actividades: entrevistas, recitais, programas informativos, recomendacións lectoras...

Este ano seguiremos participando no proxecto de Radio Escolar de Tui, onde os nenos, vía radiofónica, recomendarán varios libros de lectura, compartindo a experiencia con outros centros escolares. Neste proxecto, os nenos e nenas elaboran guións que gravan e envían a Radio Tui para que sexan emitidos posteriormente.

Obradoiro Rabi TV:

Contamos tamén cun obradoiro realizado na nosa Rabi TV, unha especie de plató de televisión equipado con diferentes recursos (cámara de vídeo, trípode, croma, telepronter, focos, micros, gravadora...) onde o alumnado adquire competencias técnicas. Neste obradoiro traballaremos de maneira integral competencias relacionadas coa ALFIN e AMI a través das TIC: busca de información, creación de guións, competencia lingüística, distintas habilidades de comunicación como a empatía, a escoita, falar en público,... así como o manexo e coidado dos diferentes instrumentos de gravación, traballando de forma colaborativa, fomentando á autonomía, as responsabilidades, o pensamento crítico e reflexivo partindo sempre de situación significativas para os nenos/as.

Estes dous obradoiros realízanse xunto con outros (Filosofía na aula, alimentación sauable, Matemáticas divertidas, Prensa, Escritura creativa, Arte e emocións...) con todos os cursos de primaria, mesturando aos nenos por ciclos e agrupándoos en pequenos grupos que van rotando polos diferentes obradoiros ao longo do curso.

Investigando con Rabi:

Ao longo do curso realizaranse tamén xogos de pescuda de información na zona de consulta da biblioteca, coa finalidade de adquirir competencias para a busca e tratamento da información.

Obradoiro *Escribir como Lectores*:

Proxecto baseado no Programa Iberoamericano **Escribir como lectores**, organizado pola Asociación Española De Lectura E Escritura (AELE) e a Fundación SM, que pretende poñer a literatura ao alcance dos nenos e nenas e propón a organización de distintas prácticas de escritura arredor dunha obra de autor. Todo o cole traballará arredor da bibliografía dun autor/a escollido polo claustro, onde o fin será que os nenos e nenas produzan os seus propios textos. Ten como obxectivos:

- Vivir e compartir a literatura en distintas situacións cotiás.
- Sentirse autor da obra que empezou a escribir un autor “experto”.
- Descubrir os distintos sentidos que ten encontrarse con outros para “facer literatura”.

MARTES con ARTE

Esta actividade levarase a cabo nos recreos dos martes de novembro a abril, e é totalmente voluntaria, tanto para os ARTISTAS como para os ESPECTADORES. Os protagonistas son os propios nenos e nenas a través exposición de diferentes formas de expresión artística: oral, escrita, musical, corporal, plástica... O obxectivo é a atención á diversidade e o fomento da inclusión. O punto de partida desta actividade é concienciar ao alumnado de que todos temos algo que aportar aos demais.

Ler en familia. Actividades para a implicación das familias.

- É moi importante neste apartado que continuamos coa iniciativa das **Mochilas viaxeiras**. A mochila é o soporte que permitirá aos rapaces e rapazas levar á súa casa, en préstamo temporal, uns materiais que reforen o vínculo entre familia e escola no seu labor común para a formación dos lectores máis novos.
- Participación na elaboración de **libros viaxeiros**.
- **As familias contan**: Actividade pensada para lecturas, dramatizacións... coas familias como protagonistas.
- **FAMILIARízate coa Biblioteca**: Actividade realizada grazas a colaboración de familias voluntarias coa mesma filosofía de MARTES con ARTE, “Todos temos algo que aportar aos demais”. Este realizarase en horario non lectivo unha ou dúas veces ao mes desde novembro a abril. Consiste na realización de charlas, obradoiros, exposicións, contacontos... ou calquera cousa interesante por parte dun familiar voluntario que poida e queira aportar aos demais. Ademais participaremos no programa Lectura e Familias.

Actividades puntuais:

Obradoiros, exposicións, concursos, encontros con autores, celebracións (Día da Biblioteca Escolar, Samaín, Agosto, 25N, Nadal, Día da Paz, Día da Radio, Día do Libro Infantil, Día de Rosalía, 8 de Marzo, Día do Libro, Semana da prensa, Día da Poesía, Semana das Letras Galegas, Día do Medio Ambiente ...)

Este ano están programadas ademais visitas a outras bibliotecas do entorno co fin de que o alumnado coñeza outros recursos da zona.

DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

A nosa biblioteca leva xa 8 cursos desde a nosa incorporación ao **Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares**. Así pretendemos mellorar o funcionamento xeral do colexio a través da implicación de toda a comunidade educativa nun **proxecto común**, motivador e innovador que teña como eixe vertebrador a biblioteca. A biblioteca pretende ser unha fonte de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe tendo como **obxectivos**:

- Coordinar o funcionamento da biblioteca e facilitar o seu uso polo profesorado, o alumnado e as familias.
- Elaborar unha programación de actividades que faciliten ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares e a adquisición de competencias e hábitos de lectura.
- Ofrecer ao profesorado unha ampla variedade de recursos co fin de apoialos no exercicio das súas prácticas educativas.
- Servir de fonte de recursos para as familias actuando como compensador de desigualdades sociais.

Contamos cun equipo interdisciplinar estable na Biblioteca escolar que se encarga, en colaboración con outros equipos, das iniciativas que dan resposta aos obxectivos deste Plan anual de lectura e que ten como **liñas de actuación prioritarias**:

- Organización e xestión dos recursos da biblioteca: catalogación de novos fondos, colocación de pictogramas por materias, realizar expurgos, elaboración de carnés novos...
- Actividades (puntuais e sostidas) para a mellora da comprensión lectora e da expresión escrita: actividades na hora de biblioteca, concursos literarios, certames...
- Deseño e desenvolvemento (achega de recursos bibliográficos e dixitais) do PDI anual, en colaboración cos equipos de TIC, EDL e de Actividades Extraescolares e complementarias.
- Accións para o fomento da lectura e desenvolvemento do hábito lector: empréstitos, mochilas viaxeiras, hora de ler, contacontos...
- Formación de usuarios da biblioteca e fundamentos de ALFIN: actividades para coñecer o espazo físico da biblioteca e os fondos da mesma para facilitar o acceso á información, formación de voluntarios, elaboración de guías e presentacións dixitais...
- Difusión dos recursos da biblioteca: blogue, boletíns informativos, recomendacións...

Ademais da nosa biblioteca, onde temos centralizados todos os recursos, pódense facer préstamos temporais do fondo xeral ás **bibliotecas de aula**, a sala de mestres, aos departamentos, ás familias... As bibliotecas de aula contribuirán a realización das actividades do PDI, de pequenos proxectos, a formación de usuarios, a implicación das familias...

Este ano contamos ademais cun equipo de **“Axudantes de biblioteca”** estable de 41 nenos e nenas de 5º e 6º de Educación Primaria que neste momento están rematando a súa formación e comezan a implicarse no funcionamento da biblioteca.

Asemade, contamos cun grupo de **familias voluntarias** da biblioteca que colaboran asiduamente en moitas das actividades da biblioteca, en particular, e do centro, en xeral.

ELECCIÓN DE DELEGADOS E DELEGADAS

Vivir en democracia é atopar os momentos e os lugares onde poder expresar as nosas ideas, os nosos

gustos, opinar sobre a organización do noso centro... coa responsabilidade democrática de cumprir os acordos tomados entre todos e todas. Tamén é responsabilidade da Comunidade Educativa respectar esas decisións.

Por iso, neste curso eliximos a **delegados e delegadas**. En cada titoría cada grupo elixiu a un representante que será o encargado de levar as peticións, intereses, e necesidades do grupo ás reunións, así como os que informen dos temas falados e acordos tomados en ditas xuntanzas.

A elección dos delegados axudará a que o alumnado desenvolva habilidades para que poida participar responsablemente nunha sociedade democrática. Será unha figura positiva para o conxunto da clase, pero tamén a nivel individual para o que desempeña a función. Ser responsable de algo é un dos procesos que axudan á maduración persoal e moitas veces á satisfacción.

Así arranca esta aventura democrática coa ilusión de facer do noso colexio un lugar máis agradable e acolledor para todos.

Seguimento e avaliación

A avaliación deste plan será continua e formativa ao longo do curso, o cal servirá para acordar melloras. Tras unha avaliación inicial, levaranse a cabo reunións periódicas do equipo de biblioteca xunto coa xefa de estudos, a través das que se farán as modificacións necesarias no seu desenvolvemento, tendo en conta as opinións e suxestións da comunidade educativa.

Na avaliación final recolleranse propostas de mellora para o vindeiro curso.

Avaliaranse os seguintes aspectos:

- Avances do alumnado en canto a hábitos lectores.
- A autonomía do alumnado no manexo da información.
- Estratexias de comprensión lectora.
- Fomento da lectura.
- Actividades desenvolvidas no plan.
- Consecución dos obxectivos propostos.
- Aproveitamento dos recursos do centro.
- Uso e organización da biblioteca.
- A implicación da comunidade educativa.
- Organización de tempos e espazos.

Os instrumentos empregados na avaliación serán:

- Calendario de reunión e actividades.
- Xuntanzas co voluntariado (alumnado e familias).
- Observación e rexistro dos procesos e dos resultados obtidos polo equipo que avalía.
- Enquisas e cuestionarios.
- Aportes da comunidade educativa.
- Libro de incidencias dos voluntarios.
- Autoavaliacións.

3.7. PROXECTO LINGÜÍSTICO

En cumprimento da lexislación vixente, deseñamos un plan de traballo para acadar un **obxectivo perfectamente definido**:

Que o alumnado do noso centro acade unha competencia lingüística suficiente e equivalente nas dúas linguas oficiais (galego e castelán) e a competencia adecuada na/s lingua/s estranxeira/s que curse.

E por iso, polo que o CEIP Plurilingüe de Chancelas non quere quedar atrás na carreira pola europeización dos centros educativos galegos, e pretende ofrecer ao alumnado unha formación integral, fomentando o plurilingüismo e estimulando a aprendizaxe do inglés, paulatinamente, ata conseguir que os alumnos e alumnas estean capacitados para comunicarse nesta lingua. Así, dende o curso 2013/14, este colexio pasa a formar parte da **Rede de centros plurilingües de Galicia**, impartindo en inglés as materias de Plástica e de Ed. Física, e contando coa colaboración dun/ha auxiliar de conversa nativo/a de apoio.

En definitiva, este proxecto lingüístico pretende establecer unha liña de actuación a respecto das linguas na nosa práctica educativa. Neste sentido, teremos en conta todas as linguas que utilizan os nosos alumnos, e teremos en conta a súa realidade familiar e social, as súas necesidades educativas e as posibilidades do noso centro, do seu persoal docente e non docente e dos recursos materiais dos que dispoñemos. Todo este proceso de planificación ten como obxectivo a mellora da calidade do ensino que recibe o alumnado do centro, a adaptación do noso traballo á lexislación vixente e ao cumprimento da normativa lingüística.

AS LINGUAS NO CENTRO

ENSINO E APRENDIZAXE DE LINGUAS NO CENTRO

Na procura dos obxectivos xerais das etapas que se imparten no centro, son varias as iniciativas que establecemos a respecto das linguas. Teñen como fundamento a consecución dunha competencia comunicativa suficiente e equivalente nas dúas linguas oficiais da comunidade e – noutra medida – nas linguas estranxeiras presentes no currículo do alumnado.

Son as seguintes:

- * Aposta polo ensino de linguas estranxeiras co apoio de actividades AICLE (aprendizaxe integrada de contidos e lingua estranxeira), mediante a creación de seccións bilingües en inglés na área de E.F. e Plástica.
- * Animación e fomento da lecto-escritura mediante unha proposta sistemática de actividades centrada no uso da biblioteca escolar. Os/as titores/as contan cunha hora semanal onde a biblioteca está reservada para o seu curso, desenvolvendo na mesma diferentes actividades que se traballan en lingua galega.
- * Intentaremos concretar as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.
- * Proposta de innovación metodolóxica centrada nas competencias clave e baseada no traballo mediante proxectos e obradoiros. Baséase en dous aspectos fundamentais:
 - Todas as áreas contribúen á mellora da competencia comunicativa do alumnado. Promocionaremos as actividades que inclúan a expresión e comprensión oral e escrita en todas as áreas.

- Proposta de innovación - esencialmente relacionada á atención á diversidade, á inclusión - que precisará de cambios organizativos importantes e levará consigo cambios metodolóxicos de alcance. Son os obradoiros intraciclo, reducindo o número de alumnos/as do mesmo ciclo, rompendo a tradicional estrutura de aula. Isto supón unha reorganización de horarios, espazos, agrupamentos de alumnado... A totalidade de profesorado do centro está implicado para traballar deste xeito diferente cos rapaces, facendo especial fincapé no desenvolvemento das competencias básicas.

LINGUAS QUE DEBEN EMPREGARSE NAS DISTINTAS ÁREAS

Na etapa de **Educación Primaria**, no noso Centro, faremos o seguinte reparto nas linguas empregadas nas diferentes áreas:

- En lingua galega: Ciencias sociais, Ciencias naturais, Lingua Galega, Músicas, Proxecto Competencial e Relixión.
- En lingua castelá: Matemáticas, Lingua Castelá.
- En lingua inglesa: Educación física e Plástica en todos os cursos.

Na Etapa de **Ed. Infantil** o profesorado utilizará na aula o galego e o castelán, logo de ter en conta a lingua materna predominante entre o alumnado, tal e como se resolveu nas enquisas realizadas ás familias e tendo en conta tamén a realidade sociolingüística do contorno. Garantizarase así, a presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares e a adquisición de coñecementos nas dúas linguas.

Así mesmo, contarán cunha sesión semanal de iniciación ao idioma inglés, traballado a partir da escoita e participación en cancións e xogos orais.

MEDIDAS PARA A ATENCIÓN A NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO LINGÜÍSTICO (alumnado que non teña suficiente dominio das linguas).

No noso centro é escasa a presenza de necesidades específicas de apoio para alumnado que non ten o suficiente dominio das linguas. Limitase a un número moi reducido de alumnos/as que proveñen de ámbitos monolingües en castelán. Nestes casos o proceso consistiu nunha inmersión lingüística con axudas. Establecemos un apoio persoal e limitado no tempo mediante varias medidas:

- Reforzo individual realizado por unha profesora dentro da aula en canto ao uso do galego.
- Selección dalgúns materiais de estudo (de lingua e de contidos específicos)

INICIATIVAS PARA DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O uso desta lingua debe formar parte dunha cotidianeidade usual na escola, polo que non se pode circunscribir o uso do galego só a aspectos festivos e folklóricos. Debemos, por tanto, impregnar positivamente todas as actividades académicas para facer entender ao alumnado e a toda a comunidade escolar que, a nosa lingua, é un instrumento válido para todo o uso diario en todos os contextos de fala.

Dada a relación do fomento da lectura co fomento da lingua galega, realizaranse actividades de representación escénicas (tv, radio, teatro), lectura e creación de contos por parte do alumnado, apadriñamentos lectores que os maiores da escola farán cos máis pequenos, contos viaxeiros... Tamén

nos gustaría contar coa actuación de contacontos, monicreques, etc., que veñan á biblioteca do colexio.

Teremos en conta, para a realización de actividades o tema escollido neste curso para traballar en toda a escola: “**CHANCELAS, ELEMENTAL**”, que posibilitará o traballo de contidos e coñecementos relacionados con esta temática vertebrando actividades e celebracións ao longo do ano escolar.

As seguintes **actividades** terán unha duración concreta que se especifica en cada unha delas.

- ✓ Na segunda quincena de outubro, celebraremos o **Samáin** no que recordamos a importancia histórica desta celebración.
 - Tras a adquisición de todo o material posible sobre esta celebración realizaranse as seguintes actividades:
 - o Creación e lectura de diferentes textos por parte do alumnado na biblioteca, adornada coas típicas cabzas iluminadas e distintos adornos e colgantes alusivos á festa.
- ✓ Na primeira quincena de novembro, celebraremos o **Magosto**
 - o Todo o alumnado do centro participará en diversos *xogos populares* e *degustación* de castañas.
- ✓ Celebraremos o 25 N dando visibilidade no **Día da Non Violencia Machista**, a través de varios actos e manifestos en galego.
- ✓ No mes de **Nadal**:
 - o No habitual *festival escolar* ou acto similar colaboraremos na preparación e representación de Contos por nadal en galego, recitado de poesías e interpretación de panxoliñas, xaneiras e cantos de reis tradicionais.
- ✓ En Xaneiro, en colaboración co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, confeccionaremos unha exposición en conmemoración do **Día da Paz**, aínda que un ano mais estaremos, como os anteriores, abertos as suxerencias que cheguen dende o Concello de Poio, concretamente do centro de servizos Sociais.
- ✓ En Febreiro, traballaremos a figura de **Rosalía** e o que representa na nosa cultura.
- ✓ No **Entroido** prepararemos os disfraces coa temática suxerida pola PDI.
- ✓ En Marzo traballaremos sobre as Mulleres Galegas nas súas diferentes profesións, este ano centrándonos na muller científica.
- ✓ **Achegamento á música tradicional galega.** Nas clases de música fomentárase de xeito continuado ao longo do curso, a música tradicional, aprendendo cantigas tradicionais do ciclo anual, cantigas galegas de temática infantil, audicións e coñecemento dos grupos e cantantes galegos de máis prestixio, representando sempre cantigas en galego nos festivais do colexio, presentando e aprendendo a interpretar os nosos instrumentos, etc.
- ✓ O mes de maio celebrarase **durante o mes a Conmemoración das Letras Galegas** coa representación dunha feira tradicional galega, así como a celebración dos **Maíos**
 - o Tentaremos tamén traer ao Colexio en colaboración co Concello nesta semana unha *representación*, ou ben de teatro ou ben de monicreques.
 - o Xunto coas diferentes asociacións da contorna trataremos como o ano pasado de organizar unha xornada de exposición no patio de produtos artesanais recreando a Feira ou Romaría tradicional galega.
 - o Crearemos contidos audiovisuais ou similares no que os/as alumnos/as dos diferentes niveis, participarán recitando poesías, lendo fragmentos das obras do autor/a homenaxeado/a, e interpretando cancións, pezas musicais, bailes, etc. da nosa cultura.

- o Construiremos un *maio* e elaboraremos e interpretaremos as coplas dos maíos.
- ✓ Seguiremos actualizando contidos na nosa nova web de dinamización de lingua galega. <https://edlgchancelas.wordpress.com/asnosascousas/> e colaborando nos blogs doutros niveis.
- ✓ Non podemos esquecer a participación da escola noutras actividades: asistencia ás obras teatrais programadas ao longo do curso por Fundación ABANCA, o Tren da Lingua, charlas de distintos organismos sobre o medio natural (Deputación, Comunidade de montes, etc.), medios de comunicación (xornalistas), encontros na escola con autores ou ilustradores de libros para nenos/as, etc.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE

O seguimento vai dar información para un mellor desenvolvemento do proxecto, para reconducir a súa marcha cando sexa necesario. Para elo, desenvolveranse xuntanzas periódicas (mensuais), nas que se irán valorando os resultados acadados, en función dos seguintes indicadores:

Indicadores de seguimento e avaliación:

- ❖ Organización do Centro: adecuación, incidencias, cambios, melloras a introducir.
- ❖ Progreso na consecución dos obxectivos.
- ❖ Programación da materia:
 - o Adecuación da selección e secuenciación dos contidos. Cambios a introducir.
 - o Adecuación da metodoloxía da ensinanza-aprendizaxe. Melloras a introducir.
 - o Adecuación da avaliación: procedementos e instrumentos.
- ❖ Necesidade de reformular os criterios. Melloras a introducir.
- ❖ Adecuación do traballo do profesorado para desenvolver o proxecto: organización, colaboración, periodicidade das reunións ... Melloras a introducir.
- ❖ A coordinación: achegas que sexa necesario realizar para desenvolver o proxecto. Posibles melloras.
- ❖ Incidencia no Centro: valoración do claustro de profesores, das familias e do alumnado participante, outros aspectos. Valoración e posibles melloras.

Criterios de avaliación

- ❖ A consecución dos obxectivos propios das materias non lingüísticas (Expresión Plástica e Educación Física).
- ❖ A consecución dos obxectivos lingüísticos.

Da materia:

- ❖ Todos os que cada principio de curso queden fixados na programación correspondente.

Lingüísticos

- ❖ Favorecer o uso do inglés para a comunicación na aula.
- ❖ Integrar a expresión oral e escrita na lingua estranxeira nas tarefas habituais que a área requira.
- ❖ Potenciar e valorar a expresión oral.
- ❖ Asociar información oral e escrita coa súa representación visual.
- ❖ Desenvolver a comprensión lectora empregando recursos e materiais de consulta redactados na lingua estranxeira.
- ❖ Recoñecer e dar instrucións habituais para a organización das rutinas de aula.
- ❖ Dar unha resposta activa ás instrucións orais propias do desenvolvemento da área nos espazos nos que se traballa (ximnasio, pista exterior, obradoiro, aulas, biblioteca...)

- ❖ Participar en conversas cotiás sinxelas.
- ❖ Consolidar o vocabulario e as estruturas lingüísticas propias de cada unidade das áreas CLIL.
- ❖ Mellorar a calidade da educación que se imparte no Centro a través da ensinanza e aprendizaxe das linguas estranxeiras, como parte das competencias básicas.
- ❖ Fomentar entre o alumnado, e no seo da comunidade educativa, o respecto e tolerancia pola diversidade lingüística e cultural, como cidadáns europeos.
- ❖ Fomentar o plurilingüismo como recurso favorecedor do achegamento a outras culturas.
- ❖ Preparar aos nenos e nenas para unha sociedade democrática, pluralista, multilingüe e multicultural.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos:

- ❖ Intercambios orais: preguntas e respostas en clase, diálogos, postas en común ...
- ❖ Observación do uso da lingua inglesa dos alumno/a en clase.
- ❖ Avaliación periódica do progreso do alumnado no uso comunicativo da lingua estranxeira e na adquisición dun vocabulario mínimo para o desenvolvemento das tarefas da área.
- ❖ Revisión, análise e comentario das actividades e traballos realizados.
- ❖ Autoavaliación e coavaliación

Instrumentos:

- ❖ Ficha de rexistro personalizada, onde se anotan os resultados apreciados a partires da observación, a análise das tarefas, as intervencións en clase e a corrección do traballo escolar do alumno/a, que integra a información obtida e a valoración desta.
- ❖ Probas orais.

3.8. PROXECTO FOMENTO DO GALEGO

O Obxectivo fundamental neste curso é acadar normalidade no uso da lingua galega no ámbito escolar para que esta lingua traspase dende a escola ata as familias e a vida cotiá.

O EDLG colaborará estreitamente co Equipo da Biblioteca no fomento da lingua galega. Prantéxanse, en relación co *plan lector* e coa dinamización da biblioteca, unha serie de actividades en galego. Estas estarán incluídas no “Proxecto do Fomento do uso do Galego” (ver anexo proxecto fomento galego que como cada ano, renóvase en Xaneiro, pendente da vindeira convocatoria anual Decembro 2023)

Estes son os obxectivos para o noso plan de dinamización e normalización:

1. Potenciar a formación integral e harmónica da personalidade dos alumnos e alumnas para favorecer a súa integración activa na sociedade.
2. Conseguir que o centro sexa un sistema aberto, a través dun espírito de colaboración, participación, entendemento e tolerancia entre todos os compoñentes da comunidade educativa.
3. Fomentar e animar as relacións dos alumnos coas asociacións, grupos, equipos etc., e con outros centros da Comunidade, especialmente os máis próximos, desenvolvendo actividades culturais e deportivas.
4. Incentivar o traballo en equipo para buscar solucións concretas a problemas comúns e dar facilidades ao profesorado para a súa formación e actualización.

5. Impulsar e actualizar a formación básica e facilitar o acceso aos distintos niveis, partindo de proxectos que impliquen a toda a comunidade educativa, empregando unha metodoloxía multidisciplinar, que xire en torno a un tema común.

3.9. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS (TIC)

ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLO EQUIPO DE TICS.

a) Mantemento da páxina web do noso centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipchancelas/> así como a centralización da información dixital en diversas plataformas e Redes Sociais que conflúen na web coporativa.

1. O obxectivo principal é crear unha comunicación directa coas familias e o resto da comunidade educativa.
2. Mellorarase o acceso a todos os contidos de maneira que este sexa máis visual e intuitivo.
3. Consideramos preciso que o profesorado poida acceder de xeito sinxelo a canles de comunicación dixitais que lle permitan publicar os traballos e experiencias de aprendizaxe do seu alumnado (proxectos, saídas, visitas, exposicións, traballos de aula...). Polo que se lle facilitará axuda ao profesorado que o solicite.

b) Mantemento e actualización dos equipos informáticos do centro. Este ano continuaremos co formulario de incidencias informáticas coa idea de que o profesorado que lle xorde algún problema no seu ordenador, poida tomar nota da incidencia. Revisaranse estas incidencias de xeito semanal, coa idea de subsanar deficiencias na medida das nosas posibilidades. Tamén se botará man de axuda externa, de ser necesario, naqueles casos que os equipos precisen dunha revisión máis profunda.

c) Apoio e colaboración nas actividades contempladas no PFPP do centro. Este curso seguiremos coa formación do profesorado para seguir na liña de integración das tics e continuar no plan de formación Edixgal.

d) Continuación do PLAN “Iniciándonos nas TIC” para 3º e 4º de Educación Primaria a través da incorporación dos portátiles de tipo Chromebook (**Anexo TIC - PLAN INICIÁNDONOS NAS TIC**)

e) *Continuación co espazo de impresión 3D:* Dentro do programa “Bibliotecas Creativas” continuaremos este ano incorporando ao obradoiro de escornabots un de impresión 3D. O equipo de TICs axudará a crear un espazo “obradoiro” onde en pequenos grupos por quendas accederán ao manexo e programación deste material tecnolóxico.

f) O equipo Tics colaborará na difusión das actividades relacionadas coa PDI do centro.

O PDI é a actividade coa que pretendemos que os nenos e nenas integren a cultura impresa e a cultura dixital na realización dos seus traballos. Procurarase na medida do posible, que as tics teñan un espazo e un tempo en cada unha dos ámbitos do Proxecto Documental Integrado. Estas actividades están relacionadas principalmente coa temática central. Por exemplo:

- ❖ A búsqueda de información sobre o tema nas redes dixitais.
- ❖ A manipulación de materiais tanto audiovisuais como impresos.
- ❖ A exposición do traballo elaborado en diferentes soportes como videos ou *podcasts*.

g) Actualización dos blogues coa exposición de fotos e vídeos das efemérides máis importantes do centro (Samaín, Nadal, Día Da Paz, Entroido, Maíos, Festival fin de curso) .

h) Integración do traballo do profesorado coa adscrición ás aplicacións do GSuite for Education. Mediante o noso dominio www.ceippchancelas.com dispoñemos de contas seguras coas que traballar en modo *cloud computing* en diversos formatos: documentos, presentacións, formularios, follas de cálculo, etc. Con correo personal interno e tamén almacenamento ilimitado na nube. Así como introducir ao alumnado á xestión dunha conta de correo electrónico tutorizada polo centro e limitada a unha serie de usos.

TICS EN EDUCACIÓN INFANTIL

Nesta etapa levaremos a cabo actividades audiovisuais encamiñadas a creación de contido. Para iso usaremos os recursos de radio e televisión na que a través de diferentes propostas (anuncios, entrevistas, videocontos, cantigas, relatos...) permítase un achegamento o uso das TICS, ao mesmo tempo que se desenvolven habilidades orais e a creatividade. Deste xeito eles/elas poden verse e escoitarse como unha retroalimentación do proceso de aprendizaxe.

Nesta etapa, na aula non facemos un uso que non sexa didáctico de tablets nin de gran pantalla, xa que non o consideramos axeitado.

FUNCIONAMENTO DAS AULAS DO CENTRO

Infraestructuras

A finais do curso 22-23 incorporáronse no centro os novos [paneis educativos L75EG](#) nas tres aulas de infantil así como en 1º e 2º. As pizarras que se atopaban nestas aulas foron retiradas e recollidas pola Xunta. Neste momento o noso centro conta ademais con 5 pizarras dixitais cos seus correspondentes canóns.

Tamén no curso 22-23 incorporáronse 3 ordenadores de dirección: dous HP monitor+cpu (secretaría e xefatura de estudos) e un portátil de dirección.

No curso 19-20 fíxose unha renovación integral de todos os equipos informáticos en Infantil, así como en 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria. Tamén se incorporou un novo canón proxector no ximnasio para Educación Física e un altofalantes bluetooth.

PROXECTO EDIXGAL

Neste curso continuamos no proxecto E-Dixgal con alumado de 5ºe 6º de Primaria.

Ao igual que o curso pasado, este proxecto supón a cesión por parte da Xunta dun *netbook* a cada alumno/a coa posibilidade de dispor de libros dixitais a través dun Entorno Virtual de Aprendizaxe.

Dispoñemos de *netbooks* de marca Lenovo.

Contamos neste momento con tres armarios Plexus de carga.

Incorporarase un ordenador portátil para cada un dos/as mestres/as que imparten materias nese curso.

Ademais seguimos coa liña de formación dentro do PFPF.

O centro entrou a formar parte do Servicio Premium de soporte técnico prioritario.

CREACIÓN DUN ESPAZO “MAKER” E PLATÓ DE TV

Neste curso seguimos dinamizando o plató de TV, Rabi TV.

Á súa vez temos habilitando un *espazo maker* para traballar cos escornabots e a impresión 3D.

Neste espazo levaremos a cabo actividades audiovisuais mediante o traballo cun croma, cámara, iluminación, gravación de son e traballo co teleprompter.

Tamén incorporánrose placas Makey-Makey recibindo formación para o seu emprego.

RADIO ESCOLAR

Continuarase co programa de “Radio Chancelas” como ata agora. Utilizaremos como medio de transmisión de mensaxes relativos a educación en valores (ecoloxía, recomendacións, saúde, colaboración e cumprimento de normas, etc..) e tamén no traballo do noso PDI.

ACTIVIDADES TIC PDI

Serán varias as actividades que envolvan ao profesorado e alumnado co respecto á PDI:

- Radio na escola
- Video contos
- Gravación con croma
- Actualización e subida de fotos e traballos ao blog.
- Formación de usuarios a alumnado.
- Formación ao alumnado en robótica
- Formación ao alumnado en impresión 3D

FORMACIÓN TIC PROFESORADO

- Formacións a cargo do equipo de tics ao profesorado sobre creación audiovisual.
- Asesoramento ao profesorado sobre cursos de formación.
- Formación en Polos Creativos
- Formación en creación de contidos audiovisuais

POLOS CREATIVOS

O centro incorporouse ao plan de Polos Creativos de xeito automático e obrigatorio segundo nos indican dende o Centro de Formación de Recursos, incorporando unha liña de formación específica.

3.10. PLAN DE ORIENTACIÓN (Ampliado en doc. anexo)

Neste plan de orientación recóllense os principios educativos, os obxectivos e organización anual das diferentes actividades e actuacións do departamento de orientación o longo do curso escolar.

3.1.1. PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A comunidade educativa do CEIP Plurilingüe de Chancelas conta dende o curso académico 2007/2008 cun Departamento de Orientación propio que, xunto cos membros do Equipo directivo, e coordinadores de ciclo, organizará e dotará dunha estrutura, ordenación e plans de actuación concretos que permitan dar resposta ás necesidades de convivencia e buscar unha mellora continuada da convivencia e rendemento académico.

Aprender a convivir forma parte dunha das finalidades básicas que a educación persegue, nos diferentes ámbitos en que ten lugar, na escola, na familia e na sociedade, a convivencia é o pilar básico para que a sociedade se constituía como tal.

Na sociedade cambiante que vivimos, cada vez máis repleta de novas culturas, razas e modos de convivir, xurde a necesidade de organizar un documento que axude ao profesorado a dirimir os diferentes conflitos que se revelan cada día nas aulas e nos patios de recreo.

É por este motivo, que xurde a necesidade de identificar a natureza destes conflitos, (se os houbera), e o que é máis importante, establecer mecanismos efectivos de prevención e finalmente se esta non resultase, de resolución. A educación nos valores cívicos e democráticos, que aparecen recollidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a lexislación Internacional derivada, son as que orquestran as actuacións das diferentes Administracións Públicas, os centros educativos e o seu profesorado, así como distintas entidades sociais galegas, que promoveron diferentes iniciativas neste ámbito, mediante programas de convivencia escolar, actividades de formación do profesorado e mediante a posta en práctica dun plan concreto no marco de algún PEC.

Outros fundamentos legais que respaldan a elaboración deste Plan son a Lei de Fomento da Educación e da Cultura de Paz, a nova materia de Educación para a cidadanía e os Dereitos Humanos no marco da Lei Orgánica de Educación, a Lei de medidas de Protección Integral contra a violencia de Xénero, a lei reguladora da responsabilidade penal do menor o a Lei galega para a igualdade de homes e mulleres teñen que contemplarse, tamén no marco dunha maior atención da sociedade e dos seus representantes polos novos e distintos aspectos dos conflitos de convivencia.

COMISIÓN DE CONVIVENCIA DE CENTRO

A comisión de convivencia é un órgano colexiado para reflexionar e investigar en relación co estado de convivencia no centro e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

Dentro dos acordos deste plan de convivencia se aproba a constitución dunha comisión de mellora da convivencia, entendida como un grupo de profesores, alumnos e pais que periodicamente se reúnen para coordinar os procesos de convivencia no centro, para elaborar propostas de mellora, para facilitar os procesos e recursos que permitan a realización de ditas melloras.

Esta Comisión de Convivencia ten un calendario de reunión preestablecido ao inicio do curso. A fin de facilitar a realización do seu traballo, non é indispensable a asistencia de todos os seus membros en todas as sesións. Propiciándose así unha distribución de tarefas que asegure a participación do profesorado, alumnado e familias, segundo as súas posibilidades, tanto como membros da comisión como colaboradores das actividades que esta deseña.

a) COMPOSICIÓN

Esta comisión estará composto polos seguintes integrantes:

- A directora do centro: M^a Olga Teijeiro Díaz
- A Xefa de estudos: Alicia Álvarez Fernández
- Representante/s do profesorado: M^a del Pilar Soto Martínez e Belén López Garza.
- Encargada da coeducación no centro: Carolina Gómez Monteagudo.
- Dinamizadora da convivencia no centro: Lucía Rey Míguez la sustituye Marcos Romero Filgueira.
- A Orientadora do centro: Ana María Cibeira Sotelo
- Representantes das familias: Catuxa Lagarón Mallo e Estefanía Andrea González Gómez.
- Representante persoal laboral: María del Carmen Padín Gómez.

b) ATRIBUCIÓN

As funcións que competen a dita comisión son as que seguen:

- Dinamizar o Plan de convivencia do centro.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia
- Informar trimestralmente ao consello escolar
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionados coa mellora do clima de convivencia
- Proporlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.

c) FUNCIONAMENTO

1. Constituirase no seo do Consello Escolar e funcionará en Pleno. En todo caso, tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes nos membros do Pleno.

2. Manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

d) BASE LEGAL

- *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da Educación e da Cultura da Paz (BOE 287 do 01/12/2005).*
- *Decreto 85/2007 do Observatorio Galego da Convivencia Escolar.*
- *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*
- *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Li 4/2011, do 30 de xuño de covivencia e partcipación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

PLAN DE ACTUACIÓN

OBXECTIVOS

- Desenvolver no noso centro os valores e a práctica dunha cidadanía responsable, asentada nos hábitos democráticos de convivencia así como nunca cultura cívica e nos valores de respecto e de tolerancia, integrando as achegas doutras culturas.
- Promover a sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Fomentar a coordinación entre os membros do Observatorio da convivencia desta institución educativa e dende unha perspectiva de prevención interdisciplinar.

- Promover a diagnose do estado actual da convivencia no centro, para coñecer a realidade deste fenómeno na nosa escola e avaliar as iniciativas a emprender para resolvela.
- Tomar conciencia da existencia dos conflitos en todos os ámbitos da vida e da necesidade de afrontalos de modo non violento, impulsando a adquisición de competencias e habilidades sociais que favorezan a súa resolución pacífica.
- Proporcionarlles aos profesionais da educación os información necesaria para comprender a natureza deste fenómeno e o coñecemento de procedementos e estratexias que contribúan á súa mellora.
- Previr o absentismo escolar e informar acerca das consecuencias do mesmo, realizando unha reunión cos pais ou titores legais se fora necesario, coa finalidade de velar pola protección do menor.
- Promover propostas educativas que redunden na mellora do clima escolar e a prevención da conflictividade.

ACCIÓN: ALUMNADO, PROFESORADO, PERSOAL NON DOCENTE, FAMILIAS, COMUNIDADE...

1. Debate e discusión ao principio de curso sobre o Plan de Convivencia e as Normas de Convivencia cos pais e alumnos.
 - a. **Responsable: Equipo Directivo, titores e orientadora.**
 - b. Recursos: Normas de Convivencia, Sala de Usos Múltiples e aulas.
 - c. Metodoloxía: Reunións informativas.
 - d. Temporalización: Primeiro trimestre.
2. Aplicación do *programa de mellora da convivencia no centro escolar*
3. Analizar en titoría a marcha da convivencia da clase unha vez ao trimestre e informar nas Xuntas de Avaliación
 - a. Responsable: Equipo Directivo, titores e orientadora.
 - b. Recursos: Diálogo, Normas de Convivencia.
 - c. Metodoloxía: Democrática e participativa.
 - d. Espazos físicos: Centro.
 - e. Temporalización: Todo o curso.
4. Asambleas de clase. Tratarase na hora de titoría, cando o titor/a o considere necesario, calquera aspecto que afecte as boas relacións e a convivencia do grupo.
 - a. Responsable: Titores
 - b. Recursos: Diálogo e aplicación Normas de Convivencia.
 - c. Metodoloxía: Democrática, consensuada e participativa.
 - d. Espazos físicos: Aula de titoría.
 - e. Temporalización: Todo o curso.
5. Abordarase ao longo do curso calquera incidencia puntual que altere a convivencia do centro co alumnado implicado e a súa familia, se procede.
 - a. Responsable: Equipo Directivo, titores e orientadora.
 - b. Recursos: Diálogo, aplicación Normas de Convivencia.
 - c. Metodoloxía: Participativa.
 - d. Espazos físicos: Centro.

- e. Temporalización: Todo o curso.
6. Actividades de fomento dos valores democráticos: a tolerancia, igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia etc.
- Responsable: Titores e orientadora.
 - Recursos: Formación nas reunións de titoría e material concreto para a súa aplicación na aula.
 - Metodoloxía: Activa e participativa.
 - Espazos físicos: Aulas.
 - Temporalización: Todo o curso.
7. Participación do centro en programas e actividades que fomenten a convivencia no centro. (Semana cultural, día da paz, valores no cine, compensatoria, normalización lingüística de inmigrantes, reforzo educativo, etc).
- Responsable: Equipo directivo, titores e orientadora.
 - Recursos: Desenvolvemento de actividades que destaquen a importancia das normas de convivencia no centro.
 - Metodoloxía: Activa e participativa.
 - Espazos físicos: Centro.
 - Temporalización: Todo o curso.
8. Alumnos mediadores: formación de mediadores escolares.
- Responsable: titores e orientadora.
 - Recursos: bibliografía especializada, experiencias similares noutros centros.
 - Metodoloxía: aberta, activa, participativa. O alumno como protagonista da súa aprendizaxe.
 - Espazos: Dpto. Orientación, aulas.
 - Temporalización: todo o curso.

3.12. PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR

O servizo de comedor prestarase na modalidade de Contratación da subministración de comidas preparadas a cargo dunha empresa, en concreto a encargada será a empresa Serunión. O servizo de vixilancia e atención ao alumnado será prestado por persoal de dita empresa, desenvolvendo as seguintes funcións:

- Cumprir co labor de coidado, atención ao alumnado e apoio ás actividades establecidas
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.
- Axudar aos alumnos e alumnas que necesiten colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- Informar ao equipo directivo do centro de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor.
- Atender ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, desenvolvendo actividades programadas para eses períodos.

O comedor pertencerá a categoría A (ata 75 comensais).

O horario de comedor será de 14:15 a 16:15 da tarde.

As normas que rexen o seu funcionamento serán as seguintes, sen prexuízo de que se establezan outras ao longo do curso se fora necesario:

- A entrada farase progresivamente respetando os grupos estables de convivencia.
- O persoal encargado do comedor encargarse de recoller nas súas aulas, 5 minutos antes de que toque o timbre de saída, ao alumnado de Ed. Infantil que vaia a utilizar o servizo de comedor.
- Os principios, as normas e a disciplina serán os mesmos que rexen a vida escolar, estipulados no Regulamento Interno.
- O alumnado deberá respectar e obedecer ao persoal colaborador e solicitar a súa atención cando sexa necesario.
- O persoal colaborador deberá respectar e atender ao alumnado. Preocuparase por atendelos e axudalos a solucionar problemas de convivencia.
- - Informar ao equipo directivo do centro de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor.
- Os comensais presentaranse nas debidas condicións hixiénicas, especialmente coas mans lavadas.
- Os comensais serán respectuosos coa comida e cos utensilios e procurarán deixar limpo e recollido o lugar onde comeron.
- O alumnado que utilizará o comedor non poderá saír do recinto escolar sen o permiso do encargado de comedor, e sempre acompañado dos pais ou persoa responsable.
- Os alumnos e alumnas que non utilizan o servizo de comedor non deberán estar no colexio en horario de mediodía.
- En caso de urxencia, accidente ou enfermidade, o persoal encargado do comedor encargarse de chamar aos pais ou ao médico.

3.13. PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE PLAN MADRUGA

O servizo de Plan Madruga prestarase na modalidade de Contratación da subministración de almozos preparados a cargo dunha empresa, en concreto a encargada é a empresa Serunión (a mesma que se encarga do servizo de comedor). O servizo de vixilancia e atención ao alumnado será prestado por persoal de dita empresa, desenvolvendo as seguintes funcións:

- ❖ Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas
- ❖ Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.
- ❖ Axudar aos alumnos e alumnas que necesiten colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- ❖ Informar ao equipo directivo do centro de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de plan madruga.
- ❖ Atender ao alumnado nos períodos de antes e despois do almuerzo, desenvolvendo actividades programadas para eses períodos.

O horario de Plan Madruga será de 07:30 h. a 09:15 h., sendo esta a hora de entrada no colexio.

Os principios, as normas e a disciplina do Plan Madruga serán os mesmos que rexen a vida escolar, estipulados no Regulamento Interno.

3.14. PLAN PARA A REALIZACIÓN DO TRANSPORTE ESCOLAR

O transporte escolar deste centro durante este curso constará dun total de tres itinerarios, cubertos por tres autobuses, facendo un deles dobraxe e dous deles a mesma ruta. Os dous autobuses que realizan a mesma ruta e non fan dobraxe son os que realizan a ruta Combarro – Colexio - Combarro, e nel viaxan a maioría do alumnado do centro.

O autobús que fai dobraxe, primeiro fai a ruta Colexio – Costa – Xuviño; a outra ruta é Colexio – Chancelas – Samieira. Ambas rutas teñen un número similar de escolares.

3.15. OUTROS PLANS E PROXECTOS DO COLEXIO

Dende o centro queremos incidir na importancia dunha alimentación sana e saudable polo que se levarán a cabo distintas iniciativas:

- Nas celebracións dos aniversarios festas, celebracións... evítanse as chucherías, fomentando hábitos de alimentación saúdable.
- As merendas serán o máis saudables posibles.
- Recreos Residuo Cero: Evítanse no posible a utilización de plásticos dun so uso.

Para o traballo da autonomía, responsabilidade e mellora da convivencia:

- Voluntariado biblioteca, patio e horta escolar.
- Delegados
- Formación e proceso de Equipo de Mediadores
- HORTA ESCOLAR: Un espazo de relación e aprendizaxe no que facemos real o compromiso coa compostaxe e se desenvolven actividades de relación co medio natural para aprender, divulgar, convivir e protexer o medioambiente e os seus recursos.

Traballamos dentro do programa Revitaliza, coa asesoría da mestra composteira do Concello de Poio, o que nos dá acceso a formación para alumnado e profesorado impartida por monitores do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)
Integramos anualmente na nosa actividade proxectos Voz Natura avaliados e financiados pola Fundación Santiago Rey Fernández - Latorre.

Achegamos enlace aos demais proxectos e anexos:

https://drive.google.com/drive/folders/10D-frTu8_6Zlr6mEgG8m3zSgEUSzcJE2?usp=drive_link

En Chancelas, a 15 de outubro de 2024

A directora:

Mª Olga Teijeiro Díaz

A secretaria:

Lorena Mª Rey Quiroga